

ENGLISH – I LOVE MY WHITE SHOES

Se vos acordades, quedou pendente unha actividade para esta semana do conto **“I love my white shoes”** de Pete the cat, para rematar de forma divertida os traballos relacionados con esta historia.

É unha actividade moi sinxela, simplemente tedes que gravar un pequeno vídeo coas seguintes características:

1. Gravar o vídeo co móbil posto **en horizontal**.
2. Gravades ao voso fillo ou a vosa filla de tal forma que non se vexa a cara (dende a cintura para abaixo, por exemplo).
3. O neno ou nena ten que ter postos uns zapatos que lle gusten e ten que dicir **dúas** veces a frase que repetía sempre Pete, the cat:
I love my (nome da cor dos seus zapatos en inglés) **shoes.**
I love my (nome da cor dos seus zapatos en inglés) **shoes.**
4. Se o zapato é de dúas cores, entón di:
I love my (nome dunha cor en inglés) **and** (nome da outra cor en inglés) **shoes.**
I love my (nome dunha cor en inglés) **and** (nome da outra cor en inglés) **shoes.**
5. Procurade gravar uns segundos antes de que empece a falar o neno/a e tamén deixar un tempo dende que acaba. Se quere, ao rematar, o neno pode saltar, bailar ou dar un brinco.
 - Mandádesme o vídeo ao correo electrónico:
maria.soledadfernandez@edu.xunta.gal
6. Con todos os vídeos (se hai un número suficiente), farei unha montaxe e logo os nenos terán que adiviñar quen di cada frase recoñecendo aos seus compañeiros pola voz.

Déixovos un vídeo de demostración de como debe ser a gravación. Espero que aos nenos lles guste a actividade e despois o xogo de recoñecer aos compañeiros, e que a vós non vos sexa complicado para facer.

Grazas de antemán pola vosa colaboración. Marisol.